

OS PARAUGAS DE CHERBURGO

420

[Jacques Demy, 1964]

PASES EN NUMAX: 6, 14 e 22 de agosto | V.O.S.E.

Les parapluies de Cherbourg (1964, 88')

Dirección: Jacques Demy

Guión: Jacques Demy

Elenco: Catherine Deneuve, Anne Vernon, Nino Castelnuovo, Ellen Farner, Jean Champion, Marc Michel, Mireille Perrey

Montaxe: Anne-Marie Cotret, Monique Teisseire

Dirección de arte: Maurice Bourbotte, Jean Didenot,

Joseph Gerhard, Claude Pignon

Vestuario: Jacqueline Moreau

Fotografía: Jean Rabier

Música: Michel Legrand

Produtoras: Madeleine Films, Parc Film, Beta Film GmbH (Francia, Alemaña)

Distribuidora: Institut Français

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés, inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Una habitación en la ciudad, 1982

Lady Oscar, 1979

Piel de asno, 1970

Estudio de modelos, 1969

Las señoritas de Rochefort, 1967

La bahía de los ángeles, 1963

Lola, 1961

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1964 (Palma de Ouro ao mellor

filme, Premio OCIC), Premio Louis

Delluc 1964, Oscar 1964 (Nomeado e

mellor guión, música orixinal)

SINOPSE

Geneviève é unha moza que vive coa súa nai á que axuda na tenda de paraugas que teñen en Cherburgo. Está namorada de Guy, un rapaz mecánico, co que pensa casar a pesar da oposición da súa nai, que considera a Geneviève demasiado nova e a Guy demasiado pobre.

«Demy dálle forma operística ao cotiá, aferrándose á beleza do instante. Un dos primeiros filmes en tratar o tema tabú da Guerra de Alxeria»

Estelle Bayon, CRITIKAT



OS PARAUGAS DE CHERBURGO

[Jacques Demy, 1964]

“Un triunfo do proletariado”

Por Serge Kaganski

Cando me preguntan polo meu top 10 de filmes de todos os tempos, un exercicio no que os títulos poden mudar dun ano a outro, mesmo dun día para outro, *Os paraugas de Cherburgo* figuran sempre na miña lista. A melancolía encantada de Jacques Demy constrúe un filme practicamente perfecto que podemos revisar dez ou vinte veces experimentando sempre o mesmo pracer, sentindo sempre o mesmo tremor. Porén, o seu destino como obra mestra non estaba escrito de inicio, podemos imaxinar a ousadía de Demy e Legrand para se lanzar a un proxecto enteiramente cantado, algo completamente inédito na altura, toda vez que o musical americano alternaba sempre escenas cantadas e dialogadas. Si, os autores amosan un descaro e unha crenza no seu propio proxecto admirábel para se embarcar nunha aventura case experimental que remataría gañando a Palma de Ouro en Cannes entre outros cumios da historia do cinema.

N’*Os paraugas de Cherburgo* todo está no seu sitio: o relato abrangue varios anos e xiros emocionais, o argumento mestura o íntimo coa grande Historia, o novelesco e o social, a modernidade dos

temas (unha muller casada embarazada doutro home), os motivos melódicos, os diálogos cantados que non esquecen o humor, o decorado e vestuario, a narración cromática, o cásting (Catherine Deneuve, Nino Castelnuovo, Marc Michel, Anne Vernon... todos perfectos), a elegancia dos sentimentos expresados no diapasón, e a suma grácil e fluída de todos estes elementos.

Pero por que a fugaz historia de amor entre Geneviève e Guy vai ao traste? Por que deixarnos coas bágoas nos ollos e non nun estado de euforia como no remate de *Las señoritas de Rochefort* (1967)? Coñecemos a resposta. Pola Guerra de Alxeria. Porque a beleza inoxidábel do filme reside tamén na súa tristura. Mais tamén podemos desenvolver outro nobelo, o das irreconciliábeis diferenzas entre clases sociais. Geneviève e Guy quérense pero non pertencen ao mesmo medio. Ela é filla de comerciantes adifeirados, vive nun apartamento de lustre burgués; el é mecánico, orfo, vive nunha pequena vivenda coa súa tía anciá. Na primeira parte do filme esta fractura social disólvese na paixón amorosa. O tempo que pasa, o afastamento e, sobre todo, as continxencias da vida real rachan a burbulla do amor.

A sociedade e a época non transixen: cómpre rodear o futuro bebé dunha respectabilidade social e base financeira. A utopía amorosa post-adolescente e o pragmatismo adulto entran en conflito. Guy non mudou, a pesar da guerra, segue a ser un mecánico, segue a vestir roupas sinxelas. Geneviève xa non é a moza inocente do comezo: un gran coche, abrigo de pel... é unha gran burguesa

levemente ausente, con todo o que esta condición pode conter de mortífero e insubstancial. Esta cuestión, a do amor imposible polos determinismos sociais, será desenvolvido en *Una habitación en la ciudad* (1982) do propio Demy.

Unha última observación. Tentemos abordar o filme desde o punto de vista do antagonismo de clase. Non é certo que a relación entre Geneviève e Guy estaba destinada ao efémero, á cristalización fugaz da xuventude, á paréntese? Se se prolongase até o matrimonio e os nenos terían algo que se dicir, que construír xuntos? Compartirían o mesmo criterio educativo? O amor de Geneviève cara a Guy sería tan forte como o seu desexo de confort e status social? E ao contrario, Guy casa con Madeleine e teñen un fillo co que el xoga na noite de Nadal. Geneviève está triste, como rota no seu interior, mais Guy semella plenamente feliz, satisfeito, realizado. A burguesa non soubo agardar, crer de abondo no amor, e ten o seu castigo, mentres que o obreiro abandonado é finalmente recompensado. Visto baixo este ángulo máis político e menos romántico, *Os paraugas de Cherburgo* conclúe cun triunfo do proletariado sobre o desprezo da burguesía.

Publicado en www.lesinrocks.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónete
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!